

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio Oficial de Titulados Mercantís da Coruña, que pasa a denominarse Colexio Oficial de Titulados Mercantís e Empresariais da Coruña

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, no expediente de expropiación forzosa, dos terreos necesarios para os labores de explotación da concesión mineira *San Román, fracción segunda nº 5534.2*, sita en Ribadeo (Lugo), solicitada pola sociedade *Cuarcitas y Ornamentos, S.L.*
- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, no expediente de expropiación forzosa, dos terreos necesarios para proseguir cos labores de explotación da concesión mineira *Primeira ampliación a Ramón, nº 4030*, sita en Foz (Lugo), solicitada pola sociedade *Explotaciones Cerámicas Españolas, SA (ECESA)*

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Santiago de Compostela, para a impartición no *máster oficial en Dereito das Administracións e Institucións Públicas*, por un importe de trinta e seis mil euros (36.000,00 €)
- Acordo polo que se valida o gasto para o aboamento das compensacións económicas das actuacións profesionais por asistencia xurídica gratuíta do cuarto trimestre de 2009 aos colexios de avogados de Galicia

- Acordo polo que se valida o gasto para o aboamento das compensacións económicas das actuacións profesionais por asistencia xurídica gratuita do cuarto trimestre de 2009 aos colexios de procuradores de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Salvaterra de Miño, para a execución da obra: "Colectores xerais da bacía do río Mendo en Salvaterra de Miño (Pontevedra). Fase I", clave OH.336.924, por importe dun millón cento trinta mil oitocentos vinte e nove euros con once céntimos (1.130.829,11€)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión da parcela en que se sitúa o inmovible do centro de saúde de Muxía, feita a título gratuito polo Concello de Muxía (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión gratuita da parcela en que se sitúa o inmovible do centro de saúde de Láncara, feita a título gratuito polo Concello de Láncara (Lugo), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión da parcela de 883 metros cadrados ocupada polo inmovible do centro de saúde de Pontecesures (Pontevedra) cunha superficie de 446 m², feita a título gratuito polo Concello de Pontecesures (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión da parcela ocupada polo inmovible do centro de saúde de Ponte Caldelas (Pontevedra), feita a título gratuito polo Concello de Ponte Caldelas (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión da parcela en que se sitúa o inmovible do centro de saúde de Soutomaior (Pontevedra), feita a título gratuito polo Concello de Soutomaior (Pontevedra), a favor do Servizo Galego de Saúde

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se aproba a modificación puntual do Plan Galego de Acuicultura (revisión do Plan Sectorial dos Parques de Tecnoloxía Alimentaria)

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan Estratéxico Tecnolóxico Global da Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparacións diversas na travesía de Seixo PO-551, Marín-Rande, por unha contía aproximada de cincocentos noventa e oito mil novecentos setenta e cinco euros con corenta e sete céntimos (598.975,47 €)
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia, do 25 de xaneiro de 2010, da presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, das actuacións de emerxencias de inmediata execución para solventar a situación de grave perigo ocasionada polas inundacións provocadas polos desbordamentos e riadas a causa do extraordinario temporal de choivas acaecido nos días 22 e 23 de xaneiro na Mariña luguesa, cun importe de cen mil euros (100.000 euros)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan Global de Inspección da Consellería de Sanidade para o ano 2010
- Informe sobre a calidade da auga de consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia: informe técnico ano 2008

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre a programación de visitas á Cidade da Cultura
- Informe do Ano do Libro e da Lectura, programa de actuacións que se van desenvolver

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo do *Día Escolar da Paz e da Non-Violencia* que terá lugar o 30 de xaneiro de 2010

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE TITULADOS MERCANTÍS DA CORUÑA

- *O organismo pasará a denominarse Colexio Oficial de Titulados Mercantís e Empresarios da Coruña*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal, aprobou hoxe o decreto polo que se acepta o cambio de denominación do Colexio Oficial de Titulados Mercantís da Coruña, que pasa a denominarse Colexio Oficial de Titulados Mercantís e Empresarios da Coruña.

O procedemento de modificacións de denominacións iníciase de oficio a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en cumprimento da sentenza recaída no recurso contencioso-administrativo, interposto polo Colexio de Economistas de Pontevedra, que anula a Orde do 28 de marzo de 2005 pola que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Titulados Mercantís.

A inclusión do termo Empresariais na denominación do colexio resulta xustificada como consecuencia do cambio lexislativo producido pola Lei 47/2007, do 19 de decembro, de modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores. Unha disposición adicional desa lei establece que os diplomados en Ciencias Empresariais poden exercer as funcións profesionais que reconece o Decreto que aproba o Estatuto profesional de economistas e de profesores e peritos mercantís.

En consecuencia, reconécese expresamente a capacidade dos diplomados en Ciencias Empresariais para o exercicio das funcións profesionais propias dos titulados mercantís, polo que procede efectuar unha modificación na denominación do colexio oficial correspondente.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade coas facultades atribuídas pola normativa vixente en materia de colexios profesionais, tramitou expediente de modificación do dito colexio no cal se establece como denominación a de Colexio Oficial de Titulados Mercantís e Empresariais da Coruña, por considerala axeitada á normativa vixente.

A XUNTA APROBA A EXPROPIACIÓN DE TERREOS PARA O LABOREO MINEIROS CO FIN DE GARANTIR A SEGURIDADE NAS EXPLOTACIÓNS DE RIBADEO E FOZ

O Consello da Xunta vén de aprobar a ocupación dos terreos incluídos nos expedientes de expropiación dos predios para os labores na concesión mineira de “San Román fracción segunda”, situada no termo municipal de Ribadeo (Lugo), e para proseguir coa explotación da mina “Primeira ampliación a Ramón”, en Foz (Lugo).

Ambos os decretos foron aprobados por proposta da Dirección Xeral de Industria Enerxía e Minas, da Consellería de Economía e Industria, por considerar que a devandita expropiación está xustificada e é necesaria para garantir a seguridade da explotación.

A ocupación destes predios pola explotación da mina “Primeira ampliación a Ramón” foron considerados urxentes debido á necesidade de asegurar a estabilidade dos terreos desta concesión mineira. Do mesmo xeito, a ocupación dos terreos expropiados pola mina “San Roman fracción segunda” foi cualificada tamén de urxente coa finalidade de asegurar a minoración de riscos nos labores da explotación.

Ademais, a estas motivacións, cómpre engadir a importancia intrínseca dos labores das explotacións mineiras, así como do emprego que se xerarán coa posta en marcha destas ocupacións, e as consecuencias positivas no desenvolvemento económico de ambos os municipios.

A EGAP E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORAN NO MASTER OFICIAL EN DEREITO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP), e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a impartición do master oficial en Dereito das Administracións e Institucións Públicas.

Ambas as dúas institucións consideran necesario un maior achegamento entre as administracións galegas e a universidade, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con formación práctica, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e a futura adaptación aos postos de traballo demandados polas administracións.

Mediante o presente convenio establécese un programa para a formación práctica dos alumnos do máster, e a través das súas cláusulas fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes para establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e avaliación da formación práctica dos alumnos do máster.

O obxecto da formación práctica é conseguir que os alumnos alcancen un nivel de coñecemento adecuado da realidade práctica das administracións públicas e da actividade profesional na cal se van a formar, mediante a adecuada titorización teórica da universidade e práctica a cargo da EGAP.

O número de prazas de formación práctica ofertadas serán de 25 por cada curso académico, e poderán participar nas prácticas os alumnos do máster oficial en Dereito das Administracións Públicas da Universidade de Santiago. Os alumnos realizarán 150 horas de prácticas, durante os meses de marzo e abril na Administración autonómica.

A XUNTA DESTINOU 9,5 MILLÓNS DE EUROS Á ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA DO ANO 2009, UN 12% MÁIS QUE NO ANO ANTERIOR

- *O Consello da Xunta aprobou a validación do gasto correspondente ás actuacións dos profesionais da quenda de oficio correspondentes ao último trimestre do ano*
- *Esta validación evidencia a celeridade no pagamento da asistencia xurídica gratuítu que tiña comprometida a Consellería de Presidencia*

A Xunta de Galicia destinou 9.554.582,34 euros para o pagamento das actuacións dos profesionais da asistencia xurídica gratuítu relativas ao ano 2009, é dicir, un 11,97% máis que o ano anterior (8.533.281,68 euros). Este cómputo global deuse a coñecer esta mañá no Consello da Xunta tras a aprobación da validación do gasto correspondente ao último trimestre destas compensacións.

Esta validación evidencia a celeridade no pagamento da quenda de oficio por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, tal e como se comprometeu o seu titular, Alfonso Rueda, en diversas ocasións. Así, hai que lembrar que unha das primeiras medidas que tomou o novo Goberno foi aprobar o pagamento dos cartos que lles deben aos avogados e procuradores da quenda de oficio, correspondente ao último cuadrimestre do ano 2008, e que aínda estaba pendente de pagamento no mes de abril.

Cifras por colexios

Concretamente os sete colexios de avogados percibiron 8.952.548,17 euros relativos ao ano 2009 -catro trimestres- e os seis colexios de procuradores 602.034,17 euros. No relativo aos pagamentos dos avogados galegos, o colexio que máis percibiu foi o da Coruña, con 2.695.644,9 euros; seguido do de Pontevedra (2.123.972,12); o de Vigo (1.531.872,89); Ourense (1.048.005,82); Lugo (553.849,36); Ferrol (510.039,03) e Santiago (489.727). Unha situación similar é a dos colexios de procuradores, sendo o da Coruña o que máis achegas recibiu (169.349,89 euros), seguido dos de Pontevedra (122.470,12); Vigo (105.509,27); Ourense (96.202,56); Santiago (64.876,39) e Lugo (43.625,94).

É competencia da Xunta as compensacións das actuacións profesionais por asistencia xurídica gratuítu ante os órganos xudiciais con sede en Galicia. Estas compensacións están reguladas polo Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o regulamento da asistencia xurídica gratuítu de Galicia; e pola Orde do 2 de xullo de 2009, pola que se prorroga o acordo entre a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega sobre a compensación económica pola asistencia xurídica gratuítu. Xunto á mellora da xestión e celeridade destes pagamentos, a Consellería de Presidencia tamén traballa na mellora das condicións da quenda de oficio, e nestes

momentos estase a negociar cos representantes corporativos uns novos baremos e conceptos.

AUGAS DE GALICIA INVISTE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA ELIMINAR VERTEDEURAS AO RÍO MENDO, EN SALVATERRA DE MIÑO

- *O obxecto destas obras é a mellora da rede de saneamento do municipio*
- *A actuación beneficia un total de 14.460 habitantes*
- *O prazo de execución das accións é de seis meses*
- *A Xunta de Galicia realiza o financiamento do 100% do proxecto*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá un acordo de colaboración técnico-financieira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Salvaterra de Miño para a instalación de colectores xerais na bacía do río Mendo (Salvaterra). Esta execución, que comprende a primeira fase do proxecto, está enmarcada no Plan Hidrolóxico de Galicia.

Augas de Galicia realizará unha achega de preto de 1,2 millóns de euros para a execución da citada actuación hidráulica, o que supón o financiamento do 100% da obra. Así, o goberno galego colabora economicamente cos municipios cuxa capacidade financeira é escasa.

Actuacións

O proxecto prevé a instalación dun interceptor xeral de saneamento de augas residuais do río Mendo e da rede primaria, que incorpora ao interceptor os as verteduras das parroquias situadas no extremo oriental do municipio pontevedrés. Ademais, construíranse catro colectores da rede primaria de tipo separativo cuxa lonxitude total é de 6.126 metros. Estes sistemas instalaranse seguindo os camiños e as pistas existentes e recollendo as augas residuais dos núcleos principais que verten ao río Mendo. Tras estas accións, inclúese a reposición de servizos e pavimentos afectados.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante este tipo de actuacións, pretende resolver carencias e problemas nas infraestruturas locais co fin de mellorar as condicións de vida dos cidadáns. Deste xeito, estas obras hidráulicas benefician un total de 14.460 habitantes do concello de Salvaterra de Miño.

O prazo de execución establecido para as citadas obras é de seis meses.

OS CONCELLOS DE MUXÍA, LÁNCARA, PONTECESURES, PONTE CALDELAS E SOUTOMAIOR CEDEN AO SERGAS AS PARCELAS EN QUE ESTÁN SITUADOS OS SEUS CENTROS DE SAÚDE

Os concellos pontevedreses de Pontecesures, Ponte Caldelas e Soutomaior, así como o municipio coruñés de Muxía, e o lucense de Láncara, ceden ao Sergas, a título gratuito, as parcelas en que se sitúan os inmobles dos seus centros de saúde.

O inmovible do centro de saúde de Láncara está sito na rúa Rosalía de Castro, da Pobra de San Xiao, no concello de Láncara. A superficie cedida é de 500 metros cadrados, estando inscrita esta parcela no rexistro da propiedade de Sarria no tomo 341, libro 57, folio 155, predio número 5.340.

Polo que atinxe á parcela en que se sitúa o inmovible do centro de saúde de Muxía, está inscrita no Rexistro da Propiedade de Corcubión, no tomo 941, libro 166, folio 224, predio número 19.410. A parcela, denominada "Antiga Malatos", está situada no lugar "Camposa da Vila", e conta cunha superficie de 1.023 metros cadrados.

Pola súa banda, outros tres concellos que ceden as parcelas en que se sitúan os inmobles dos seus respectivos centros de saúde, son os de Soutomaior, Ponte Caldelas e Pontecesures.

O predio de Soutomaior está inscrito no Rexistro da Propiedade de Redondela, no tomo 697, libro 104, folio 123, co número 10.156. Nel, sito na avenida Castelao, 140 da parroquia de Arcade, está situada unha construción dunha superficie de 409 metros cadrados en planta baixa, e outros 64 metros cadrados no primeiro andar.

A parcela que cede o Concello de Pontecesures ten unha superficie de 833 metros cadrados e nela está situado o inmovible do centro de saúde, que consta cunha superficie de 446 m², pola entrada da rúa Raimundo García Domínguez "Borobó". Esta parcela, número 3.490, está inscrita no Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, no tomo 783, libro 31, folio 105.

Polo que atinxe ao concello de Ponte Caldelas, a parcela que cede ao Sergas está ocupada polo inmovible sito na praza do centro de saúde, cunha superficie construída de 445 m², e inscrita no rexistro da propiedade deste municipio, no tomo 215, libro 87, folio 108, predio 9.682.

Gastos de mantemento

Todas estas cesións patrimoniais de centros de saúde de titularidade municipal ao Servizo Galego de Saúde teñen o obxecto de que o organismo que preside Pilar Farjas Abadía asuma os gastos do seu mantemento.

Así, o Goberno galego está a realizar un importante reforzo do papel da Atención Primaria e nas súas infraestruturas. Neste senso, tanto a Consellería de Sanidade como o Servizo Galego de Saúde teñen destacado entre os seus obxectivos estratéxicos para esta lexislatura o de potenciar a integración e a coordinación entre os niveis asistenciais de Atención Primaria e Atención Especializada, de xeito que os problemas de saúde se solucionen na estrutura máis próxima ao paciente, co menor número de visitas posibles e do xeito máis rápido e eficiente.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde asinaron un protocolo coa Federación Galega de Municipios e Provincias sobre a asunción dos custos de mantemento de centros de saúde, para o cumprimento do Pacto Local no eido sanitario.

Este proceso de asunción é, en calquera caso, voluntario para os concellos e formalízase a través dun protocolo xeral e tamén con convenios particulares que a Sanidade pública asina con cada un dos concellos.

Así, os municipios que decidan formalizar o convenio particular comprométense a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial dos devanditos centros ao Servizo Galego de Saúde, libres de cargas e gravames.

A CONSELLERÍA DO MAR MODIFICA O PLAN GALEGO DE ACUICULTURA PARA GARANTIR E FORTALECER O DESENVOLVEMENTO DOS INVESTIMENTOS

- *A Xunta aproba a modificación no sistema de acceso á propiedade que permitirá que as empresas poidan comprar os terreos directamente aos propietarios, como garantía do seu investimento*
- *Con esta modificación, a consellería dá un paso máis para desbloquear a situación de parálise en que se atopaba a acuicultura*
- *A negociación directa entre a empresa e os propietarios permitirá condicións máis vantaxosas para o particular, xa que o prezo mínimo de expropiación o ten asegurado*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación puntual do Plan Galego de Acuicultura para proceder ao cambio no réxime de acceso á propiedade dos terreos sobre os cales se vaian implantar proxectos sectoriais e máis a titularidade dos terreos. A modificación persegue fundamentalmente que a expropiación quede como un método posible de adquisición de terreos, pero non como o único xeito de adquirilos. Así mesmo, o novo sistema permite que as empresas do sector acuícola poidan converterse en propietarias dos terreos como garantía do seu investimento.

Con este cambio xurídico, a Consellería do Mar da un paso máis para desbloquear a situación de parálise en que se atopaba a acuicultura e aposta por fórmulas xurídico-administrativas que dean firmeza e seguridade aos investimentos e certifiquen a propia viabilidade das actuacións. Deste xeito, a empresa que queira investir poderá facelo con seguridade xa que se primará a adquisición a través da compravenda pasando a ser propietaria dun terreo en que poderá investir con miras de futuro e total seguridade no canto de ser concesionaria administrativa por un tempo determinado, o que poría en risco os investimentos de futuro.

As empresas cuxos proxectos sexan aprobados poderán negociar directamente cos propietarios dos terreos permitindo, deste xeito, condicións máis vantaxosas para o particular que partirá da garantía de obter, como mínimo, o prezo fixado para a expropiación, posto que o prezo que se fixe no procedemento de expropiación está garantido no caso de falta de acordo no prezo.

Ata esta modificación aprobada hoxe, os propietarios dos terreos víanse obrigados a unha expropiación forzosa por parte da Administración sen ter posibilidade ningunha de negociar polos seus terreos. A súa titularidade pasaba directamente á Xunta que cedería en réxime de concesión administrativa á empresa a posibilidade do seu uso para o desenvolvemento da actividade acuícola por un máximo de 30 anos.

A actual Consellería do Mar considera que o desenvolvemento das actividades empresariais dedicadas á produción de bens para o mercado non se debe facer baixo o réxime de concesión para uso de bens patrimoniais da Administración, xa que non se tratan de bens de dominio público. O feito de ser actividades en que concorren utilidade pública e o interese social, fai que o criterio da consellería sexa velar polos investimentos de futuro e garantir a seguridade que reverterá no beneficio do desenvolvemento económico e social. Ademais, aplicar o método previsto no Plan Galego de Acuicultura de 2008 implicaría obrigar a Administración a realizar importantes desembolsos para a adquisición duns terreos nos cales a consellería entende que debe ser a propia empresa beneficiaria a que realice o desembolso para levar a cabo a actividade.

A XUNTA UNIFICA TODAS AS SÚAS ACTUACIÓNS TECNOLÓXICAS NUNHA ESTRATEXIA GLOBAL QUE BUSCA APROVEITAR O POTENCIAL DAS TIC E IMPULSAR O E-GOBERNO NUN MARCO DE EFICIENCIA E AUSTERIDADE

- *O proxecto permitirá mellorar a calidade do servizo en materia TIC, elevar a seguridade dos sistemas de información e mellorar a relación dos cidadáns coa Administración*
- *A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica liderará o Plan Estratégico Tecnolóxico Global en colaboración cos departamentos TIC de todas as consellerías da Xunta*
- *No seu deseño participarán de xeito activo os concellos, a FEGAMP, as deputacións e as universidades galegas, así como as asociacións do sector TIC e os colexios profesionais de telecomunicacións e informática de Galicia*

O Goberno galego unificará as actuacións en materia tecnolóxica de todos os seus departamentos nunha estratexia global que ten como obxectivos fundamentais aproveitar o potencial das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e impulsar a Administración electrónica nun marco de eficiencia e austeridade. Así se desprende do Plan Estratégico Tecnolóxico Global de Galicia (PETG) que está a deseñar o Executivo autonómico e cuxas liñas básicas avaliou hoxe o Consello da Xunta.

A elaboración dun plan estratéxico tecnolóxico global da Xunta de Galicia é un compromiso feito público polo presidente galego no seu discurso de investidura e se concíbese como un proxecto do Goberno autonómico para toda a Administración galega e para todos os cidadáns de Galicia. Nel inclúense todas as iniciativas orientadas a promover o aforro e a austeridade no gasto tecnolóxico, incrementar a calidade ou eficiencia das actuacións e optimizar o servizo ofrecido aos usuarios, todo desde unha perspectiva orientada ao cidadán.

De acordo co informe coñecido hoxe polo Consello da Xunta, a confección desta estratexia tecnolóxica global comezará en febreiro e rematará no mes de xuño deste ano, cun período de desenvolvemento que se estenderá ata o remate da lexislatura. O seu deseño correrá a cargo da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta e contará coa participación dos departamentos TIC de todas as consellerías. Na elaboración do Plan Global colaborarán tamén de xeito activo os concellos de Galicia, a FEGAMP, as deputacións provinciais e as universidades galegas, así como as asociacións do sector TIC e os colexios profesionais de telecomunicacións e informática.

Unha estratexia global en tecnoloxías da información

O PETG permitirá definir a estrutura organizativa e o modelo tecnolóxico necesario para unha axeitada xestión das TIC na Administración autonómica galega. Así mesmo, establecerá liñas de actuación para aproveitar ao máximo as posibilidades destas tecnoloxías como elemento de dinamización económica e como elemento clave de desenvolvemento sustentable, e posibilitará adaptar a Administración galega ás demandas sociais e aos requirimentos legais en canto á Administración electrónica.

No Plan Global integraranse e aliñaranse de xeito coherente actuacións clave lanzadas nestes meses de legislatura polo Goberno galego, como son a iniciativa e-goberno 2013, para o impulso da modernización dos servizos públicos, e o Plan Director de Banda Larga, que paliará as carencias de acceso á internet existentes no noso territorio e que se presentará nas próximas semanas.

A estratexia global da Xunta en materia de novas tecnoloxías estruturarase en dous eixes, o primeiro orientado á definición dun modelo de organización e de relación interna e externa, e o segundo destinado ao desenvolvemento de catro áreas funcionais: o modelo tecnolóxico da Xunta de Galicia, a modernización das administracións públicas, a estratexia de telecomunicacións de Galicia e a dinamización da innovación tecnolóxica a través das TIC.

Beneficios para as consellerías, os empregados públicos e os cidadáns

O desenvolvemento do Plan Estratéxico Tecnolóxico Global da Xunta de Galicia comportará importantes beneficios tanto para o funcionamento das consellerías e dos distintos departamentos da Administración autonómica, como para aos empregados públicos e o conxunto dos cidadáns.

Nese sentido, o proxecto permitirá mellorar a calidade do servizo ofrecido en materia TIC grazas á definición e promoción do uso de procedementos, metodoloxías e estándares que faciliten as actuacións. Ademais, promoveranse as iniciativas destinadas a elevar o nivel de calidade e seguridade dos sistemas informáticos, e incentivarase o intercambio de información e a interconexión entre cada consellería, así como con outras institucións.

O Plan constituirá o marco desde o cal cada consellería elaborará o seu propio plan de sistemas, o que garantirá a adecuación da tecnoloxía ás necesidades de cada departamento. Paralelamente, a planificación dos investimentos dentro da visión integral de toda a Administración permitirá que cada consellería se acolla a solucións máis vantaxosas e eficientes en custos.

O Plan Estratéxico Tecnolóxico Global será o instrumento clave para a modernización da Administración pública da cal se beneficiarán todos os cidadáns, xa que se empregará toda a potencialidade que ofrece hoxe a tecnoloxía para configurar un novo modelo de prestación de servizos públicos. Isto repercutirá na calidade, axilidade e rendemento dos servizos que se prestan á sociedade, na eficiencia no uso dos recursos públicos e na redución de custos.

As medidas do plan redundarán nun novo modo de relación entre a Xunta e os cidadáns e favorecerá o uso máis eficiente dos recursos tecnolóxicos globais da Xunta e a súa focalización á resolución dos problemas dos administrados.

MEDIO AMBIENTE INVISTE 600.000 EUROS PARA REMATAR AS OBRAS DE REPARACIÓN DA TRAVESÍA DE SEIXO, EN MARÍN

- *As actuacións, declaradas de emerxencia, pretenden garantir a seguridade viaria nas marxes e na calzada*
- *O proxecto recolle a construción de beirarrúas de 2 metros de largo a ambos os lados da calzada, aparcadoiros e a colocación dunha rede separativa de augas pluviais e residuais*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou o Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación da travesía de Seixo, situada na estrada que conecta Marín e Rande (PO-551), na provincia de Pontevedra. O Goberno galego financia estes traballos mediante unha achega económica dun importe de preto de 600.000 euros, para rematar as obras neste punto da rede viaria do núcleo de Marín. A previsión da Xunta é rematar esta actuación antes de finais do mes de maio deste mesmo ano.

Cómpre sinalar que a dita actuación foi adxudicada á empresa Tecnología de la Construcción S.A (Teconsa) o pasado 26 de novembro de 2008 e a empresa adxudicataria presentou unha solicitude de declaración de concurso voluntario de acredores.

O departamento que dirixe Agustín Hernández declara de emerxencia a finalización dos traballos na travesía de Seixo co fin de garantir a seguridade viaria nas marxes e na calzada. As obras correrán a cargo da nova empresa adxudicataria Canalizaciones y Construcciones Salnés S.L.

Traballos para realizar

O proxecto recolle a construción de beirarrúas de 2 metros de largo a ambos os lados da calzada, aparcadoiros e a colocación dunha rede separativa de augas pluviais e residuais. Cabe citar que o proxecto incrementará a zona de semáforos existente, co fin de mellorar a seguridade viaria dos cidadáns con dous pasos semafóricos. Tamén se levará a cabo a posta en funcionamento da rede de abastecemento, para o que será necesario instalar máis de 2.500 metros de tubaxes e 675 metros de material de conducción.

Ademais, efectuarase o recheo e compactación de gabias e a limpeza e nivelación de marxes. As obras tamén inclúen a pavimentación peonil, polo que será necesario instalar un total de 1.310 unidade de baldosa; a reposición vertical e horizontal o que implica un total de 26 elementos, e a instalación de balizamento.

Por último, mellorarase a accesibilidade a propiedades estremeiras, a evacuación de augas pluviais existentes na calzada mediante a execución de sumidoiros nos bordos desta e a instalación de medidas contra incendios.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN GASTO INICIAL DE 100.000 EUROS PARA ACTUACIÓNS INMEDIATAS QUE SOLUCIONEN OS ASOLAGAMENTOS NA MARIÑA LUCENSE

- *As accións en materia de infraestruturas hidráulicas, declaradas de emerxencia, céntranse na apertura de leitos e na reposición de estruturas*
- *Dende Augas de Galicia levarase a cabo unha análise das causas das inundacións a través dun estudo da capacidade hidráulica dos diferentes treitos, así como das estruturas fluviais existentes, e actuacións en marxes e estruturas*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o expediente polo que se declaran de emerxencia as actuacións de inmediata execución para solventar a situación de perigo ocasionada polas inundacións provocadas polos desbordamentos e riadas a causa do temporal de choivas acontecido a pasada fin de semana na zona da Mariña.

Así, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, destina un orzamento inicial de 100.000 euros para actuacións de inmediata execución fonte aos asolagamentos acontecidos na Mariña lucense, durante esta fin de semana. Trátase de accións de emerxencia, que consisten na apertura de leitos, a través da limpeza do leito para evitar novas inundacións e na reposición de estruturas (pontes caídas, prolongación de muros de protección).

Así, dentro destas actuacións de carácter urxente, levaranse a cabo actuacións centradas na protección de leitos, polo que se farán labores de limpeza do leito completo, corte de árbores que invaden o leito do río, ampliación do leito, e a revisión xeneralizada de muros de protección de marxes.

As inundacións afectaron a camiños, edificacións, pontes e outros servizos, ademais de provocar un cúmulo de sedimentos nos leitos formados por grandes pedras, árbores e lodo, co cal a capacidade hidráulica dos ríos se ve reducida.

As causas máis probables das inundacións débense a obstrucións debidas a estruturas, a pequena luz nas nelas puido provocar a acumulación de ramas e outra vexetación en pilas, estribos e varandas, reducindo considerablemente a capacidade hidráulica. Outro factor que puido influír foron os desbordamentos, por reducións puntuais do largo dos ríos en zonas urbanizadas, respectándose exclusivamente o leito de augas baixas, insuficiente para as riadas; e a erosión e sedimentación, xa que tamén incidiron de maneira importante nos desbordamentos nalgunhas zonas. Estes fenómenos agrávanse, nalgúns casos, pola estreiteza do río, o que motiva altas velocidades e un aumento do calado dos cursos fluviais. O volume de grandes pedras

arrastradas é importante e as erosións das marxes e estruturas do leito son tamén de consideración.

Evitar estes episodios

O departamento de Augas de Galicia é consciente da necesidade de establecer mecanismo e sistemas que eviten este tipo de situacións extraordinarias. Polo tanto, a longo prazo é preciso centrarse na mellora dos leitos e marxes dos ríos (aspectos remarcados con anterioridade), para tratar de minimizar os problemas que se producen nesta zona ante fenómenos de chuvia como o da pasada fin de semana. Nese senso, propóñense realizar unha análise das causas das inundacións dos ríos desbordados, un estudo da capacidade hidráulica dos diferentes treitos, así como das estruturas fluviais existentes, e actuacións en marxes e estruturas.

Augas de Galicia está desenvolvendo un sistema de predición de asolagamentos chamado *Artemis* que actualmente se encontra en fase de calibración. Este mecanismo toma os datos continuamente das predicións meteorolóxicas, para determinar o risco de desbordamento de determinados ríos. Neste caso, os ríos afectados incluídos no sistema son o Landro, o Covo e o Ouro e tanto para eles como para o resto de Galicia Costa trabállase en adecuar o modelo desenvolvido ás condicións reais dos ríos, o que permitirá unha mellor xestión de fenómenos como o sucedido na pasada fin de semana.

Suceso

O pasado sábado, 23 de febreiro, na comarca da Mariña lucense produciuse un fenómeno meteorolóxico en forma de chuvia torrencial que trouxo como consecuencia un desbordamento de varios ríos da comarca e asolagamentos en diferentes lugares e núcleos de poboación, en especial no concello de Cervo pero tamén noutras zonas de Xove, Viveiro ou Foz. Segundo os datos da web de Meteogalicia, na estación meteorolóxica automática de Penedo do Galo (Viveiro) recolléronse nese día 77,3 l/m² de choiva, a máis elevada dende o ano 2005. Cómpre indicar que Augas de Galicia avaliou a situación con técnicos desprazados á zona e en coordinación coas autoridades locais

O FUNCIONAMENTO DA RECEITA ELECTRÓNICA, O CONTROL DA PUBLICIDADE SANITARIA E A REVISIÓN DAS ACTUACIÓNS DA INCAPACIDADE TRANSITORIA SERÁN ÁS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS DO PLAN DE INSPECCIÓN DE SANIDADE

- *No campo da saúde pública, o plan incidirá na sanidade ambiental, na seguridade alimentaria e noutras actuacións como o seguimento das redes de alerta ou os abrochos*

O Plan Global de Inspección Sanitaria da Consellería de Sanidade, para o presente ano, ten por finalidade garantir e salvagardar a saúde e os dereitos da cidadanía nas prestacións sanitarias e naquelas outras materias que son da súa competencia.

Deste Plan Global de Inspección 2010, do que hoxe se presentou un informe no Consello da Xunta, destacan tres actuacións: a verificación do bo funcionamento e a boa práctica da receita electrónica; o control e seguimento da publicidade sanitaria para comprobar que o seu contido é acorde coas autorizacións sanitarias correspondentes; e, ademais, unha terceira liña, que será a revisión integral das actuacións en materia de incapacidade transitoria, con estandarización de procesos, e elaboración de protocolos de actuación.

O plan centrarase na avaliación e potenciación dos dereitos dos cidadáns tales como a implantación da carta de dereitos e deberes dos usuarios nos centros do Sergas; a avaliación do consentimento informado; a atención ás denuncias e reclamacións; a avaliación do procedemento referido á responsabilidade da Administración por danos derivados da asistencia sanitaria; e a adecuación do procedemento de xestión de listas de espera cirúrxica e de consultas externas nos hospitais.

No que atinxe ao campo da saúde pública, o plan recolle actuacións en materia de sanidade ambiental (produtos químicos, establecementos e servizos de biocidas, piscinas de uso colectivo, zonas de baño, abastecementos de auga de consumo humano ou instalacións con risco de lexionelose); de seguridade alimentaria (control de industrias e establecementos, auditorías de matadoiros e establecementos de comidas preparadas), ademais doutras actuacións como poden ser os abrochos, as redes de alerta, e o Plan Especial Xacobeo 2010 (con especial seguimento das fontes, albergues e establecementos de restauración dos lugares polos cales transcorre o Camiño de Santiago).

En atención primaria, recóllense actuacións centradas no estudo e elaboración dun protocolo de auditoría de calidade da historia clínica; en atención especializada, na

prestación dos servizos sanitarios a persoas con problemas derivados do consumo de drogas, así como na realización dun programa de avaliación da diálise.

No campo da farmacia, o estudo da calidade dos medicamentos e a receita electrónica serán, entre outros, os temas de actuación.

Sinalar, así mesmo, que as terapias respiratorias; a prestación ortoprotésica; e o transporte sanitario, forman parte das actuacións previstas no Plan Global de Inspección da Consellería de Sanidade.

Así mesmo, o plan recolle actuacións en materia de avaliación doutros establecementos e instalacións (centros de bronceado ou de tatuaxe e piercing, ou os afectados por normas de tabaquismo); en actuacións disciplinarias e sancionadoras (registro destas no Sergas); na autorización de centros e servizos (elaboración dun novo decreto referido á súa autorización e ao control da publicidade sanitaria); e, ademais, avaliará, a través de auditorías, a calidade da actividade inspectora.

SANIDADE CONSIDERA SATISFACTORIO O GRAO DE CUMPRIMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA SANITARIA DE AUGAS DE CONSUMO HUMANO EN 2008

Nas 573 zonas de abastecemento censadas dentro do Programa galego de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano, realizáronse, durante o ano 2008, 200 inspeccións sanitarias, 1.744 analíticas de vixilancia sanitaria e 10.622 determinacións de cloro residual. Estes e outros datos despréndese dun informe sobre a calidade da auga de consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia, referido ao ano 2008, que hoxe presentou a Consellería de Sanidade.

Das anteditas 573 zonas de abastecemento, o 48% do total corresponden con abastecementos de prioridade baixa, o 46% con abastecementos de prioridade media e o 6% con abastecemento de prioridade alta.

As analíticas da vixilancia sanitaria deron como resultado que o 93,1% correspóndense cunha cualificación de auga apta para o consumo, mentres que o 6,9% se corresponde cunha cualificación de auga non apta para o consumo.

Polo que atinxe ás determinacións de cloro libre residual, obtívose que o 80% do total das determinacións foron conformes coa lexislación vixente. No que se refire ao 20% restante, o 13,4% resultaron ser non conformes porque a auga non tiña cloro libre residual, e o 6,6% por un exceso de cloro libre residual.

As actuacións en caso de non conformidades e/ou incumprimentos son comunicadas aos concellos para que tomen as medidas axeitadas en cada caso.

Do informe pódese concluír que o grao de cumprimento do Programa galego de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano, durante o ano 2008, foi satisfactorio.

Con este traballo, elaborado pola Administración sanitaria galega, preténdese non só avaliar o desenvolvemento do antedito programa ao longo de 2008, senón, tamén, avaliar a implantación do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC) na nosa Comunidade no mesmo ano.

Programa galego

O Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano da Comunidade Autónoma de Galicia dispón dun sistema orientado a identificar e valorar os factores que poidan presentar riscos para a saúde nas augas de consumo humano. Para a implantación deste sistema existe unha clasificación dos abastecementos sobre a

base das súas características, coa fin de lles poder dar prioridade ás actuacións, de tal xeito que se optimice a efectividade e se garanta un mínimo de eficiencia.

En función disto, hai tres categorías segundo a poboación abastecida e a calidade da auga: abastecementos de prioridade baixa, media e alta.

As actuacións dentro do programa establécense nunha dobre vía, por unha parte, a inspección sanitaria dos abastecementos (tanto documental como estrutural e de recollida de mostras) e, por outra, a vixilancia da calidade da auga nas redes de distribución dos abastecementos, coa determinación de cloro libre residual e a realización de analíticas de mostras de auga. A frecuencia de inspección e de determinación analítica ben establecida pola prioridade que ten cada un dos abastecementos.

Sistema de Información Nacional

O Sistema de Información Nacional (SINAC) é unha aplicación informática, vía internet, implantada mediante un real decreto, a finais do ano 2003, polo que se establece un sistema de información relativo ás zonas de abastecemento e control de calidade da auga de consumo humano. A esta aplicación informática accedese a través da páxina web do Ministerio de Sanidade e Política Social.

No informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola Consellería de Sanidade despréndese que, en 31 de decembro de 2008, existían dadas de alta no SINAC, 448 zonas de abastecemento na nosa Comunidade, o que supón o 78% de todas as zonas das que se fai vixilancia sanitaria dentro do Programa galego.

A dispersión xeográfica de Galicia fai que a maior parte das zonas de abastecemento dadas de alta se correspondan con poboacións de menos de 5.000 habitantes (74%). A pesar da dificultade que supón esta dispersión xeográfica, cómpre destacar que o 75% dos concellos galegos teñen algunha zona de abastecemento dada de alta no SINAC, representando a poboación abastecida por estas zonas o 92% da cidadanía galega.

No ano 2008 introducíronse, por parte dos xestores dos abastecementos, un total de 8.803 boletíns analíticos. En canto á cualificación sanitaria das mostras, cómpre destacar que o 98,7% dos boletíns analizados foron auga apta para o consumo.

CULTURA E TURISMO PRESENTA O PROGRAMA DE VISITAS ÁS OBRAS DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

- *A Consellería de Cultura e Turismo co fin de aumentar o número de visitantes e dar a coñecer o complexo arquitectónico do Monte Gaiás elaborou un plan de visitas adaptado en función de público xeral, grupos organizados e profesionais.*
- *A partir de xuño todos os que visiten as obras poderán acceder a unha exposición sobre a Cidade da Cultura de Galicia que a xeito de centro de interpretación, facilitará a comprensión do proxecto arquitectónico de Peter Eisenman.*

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe relativo ao Programa de visitas ás obras da Cidade da Cultura de Galicia. A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Fundación Cidade da Cultura e do Instituto de Estudos Turísticos de Galicia, co fin de mellorar, sistematizar e aumentar o número de visitas e permitir coñecer de preto os avances das obras deste importante proxecto para o futuro de Galicia. Desta forma, todo aquel que se achegue ao Monte Gaiás terá a oportunidade de apreciar a excelencia arquitectónica e a calidade construtiva que deben ser motivo de orgullo para todos os galegos.

A comunicación pública do proxecto adquire na redacción deste programa un dos obxectivos prioritarios do que antes se consideraba un aspecto máis esquecido. Ante a apertura dos primeiros edificios a finais de 2010, a comunicación da Cidade da Cultura centrarase na excelencia da arquitectura e a calidade construtiva que deben ser motivo de orgullo para toda Galicia, a importancia do coñecemento no mundo de hoxe e o valor da memoria para a construción dun futuro mellor.

O Programa deseñouse tendo en conta as condicións impostas polo inicio inminente das obras de urbanización, a realización da cal é imprescindible para a apertura ao público. Neste marco, está previsto que a finais de febreiro se duplique o número de visitas que se realizaban ata agora, e que se multiplique por seis, progresivamente, a partir do mes de maio. O programa inclúe a realización de tres clases de visitas segundo o tipo de necesidades e demanda: visitas de público xeral, visitas de grupos organizados ou colectivos (asociacións, congresos, etc.) e visitas profesionais/institucionais.

Visitas de público xeral

As visitas de público xeral serán de carácter gratuíto e os interesados poderán realizar a súa reserva pola internet, a través da páxina web da Fundación Cidade da Cultura e mediante unha aplicación específica que se desenvolveu para tal fin. Incluirán o transporte e os servizos dun guía profesional. O punto de encontro será o Centro de

Información que a Fundación da Cidade da Cultura de Galicia, habilitará na súa propia sede da rúa San Roque nº 2, en Santiago de Compostela.

Aos visitantes faráselles entrega dun folleto explicativo (en galego, español e inglés) e distribuiráselles unha breve enquisa co obxectivo de coñecer a súa opinión. Durante os meses de xuño, xullo e agosto poderanse realizar reservas para facer visitas especiais, denominadas "Atardeceres de verán na Cidade da Cultura" nas cales o público, ademais do percorrido habitual, poderá gozar dun programa musical organizado coa colaboración do Xacobeo.

Visitas de grupos organizados ou colectivos

As reservas para as *visitas de grupos organizados ou colectivos*, nas cales o transporte correrá por conta dos propios interesados, tamén contarán cos servizos gratuítos dun guía profesional e os folletos. As reservas poderán realizarse por vía telefónica ou por correo electrónico.

Visitas profesionais/ institucionais

Así mesmo, a partir do mes de maio e contando coa colaboración do Colexio de Arquitectos de Galicia e a Escola de Arquitectura da Universidade da Coruña, as visitas guiadas denominadas *Profesionais/institucionais* pactaranse puntualmente, tanto a partir da solicitude dos interesados coma en resposta a convites cursados pola propia Fundación.

Os visitantes (arquitectos, enxeñeiros, directivos de institucións públicas e privadas, personalidades, etc.), segundo o caso, serán guiados por profesionais da arquitectura ou estudantes dos últimos cursos e recibirán documentación específica que tamén se editará en galego, español e inglés.

Doutra banda, a partir do mes de xuño, todos os que visiten ás obras poderán acceder a unha exposición sobre a Cidade da Cultura de Galicia que a xeito de centro de interpretación, facilitará a comprensión do proxecto arquitectónico e o coñecemento sobre o seu autor, o arquitecto Peter Eisenman.

Outras iniciativas

A situación de partida caracterizada por unha falta de infraestrutura para promocionar o proxecto torna agora nun adecuado plan que poña en valor a Cidade da Cultura, que ademais do plan de visitas guiadas ás obras conta con actividades como a actualización de recursos web ou a organización de exposicións e interpretación sobre a Cidade da Cultura.

A comezos do mes de xuño inaugurarase nas instalacións unha exposición arquitectónica sobre o propio proxecto que a modo de centro de interpretación facilitará a súa comprensión aos visitantes das obras. Ao mesmo tempo, producirase unha versión de formato reducido e pensada especialmente para itinerar por distintas cidades e localidades de Galicia.

A páxina web, <http://www.cidadedacultura.org/>, atópase renovada dende a primeira semana do ano 2010, na que aparecen actualizados os contidos e recollidas as posibilidades de acceder ao programa de visitas.

CULTURA E TURISMO DESTINARÁ PRETO DE TRES MILLÓNS DE EUROS PARA DIFERENTES ACCIÓNS DO ANO DO LIBRO E DA LECTURA 2010

- *O Consello da Xunta foi informado hoxe do programa de actuacións para o Ano do Libro e da Lectura 2010 que busca unha maior presenza do libro en Galicia dentro do ano Xacobeo*
- *Dentro do programa de promoción e difusión do libro e da lectura destacan as iniciativas Libros sobre rodas, Camiños de amor e lúa e o Congreso de literatura de viaxes*
- *Ao longo do 2010 haberá diferentes actividades conmemorativas sobre Torrente Ballester, Luís Seoane, Rosalía de Castro e Uxío Novoneyra*

O Consello da Xunta foi informado hoxe do *Programa de actuacións* que se desenvolverán para o Ano do Libro e da Lectura 2010. A Consellería de Cultura e Turismo ten previsto destinar para diferentes accións relacionadas con esta celebración preto de tres millóns de euros. A través do conxunto de actuacións do Ano do Libro e da Lectura 2010 preténdese realizar unha acción de maior proxección que ofrezca unha forte presenza do libro na sociedade galega.

A Consellería de Cultura e Turismo é consciente do valor estratéxico do libro para a expresión do dereito á creación e para a promoción e divulgación da cultura galega. Por iso, e dado que o libro constitúe un instrumento fundamental para a difusión da nosa lingua e para o seu desenvolvemento e a súa presenza exterior, o seu apoio decidido é irrenunciábel.

Por este motivo, o Goberno galego declarou mediante o Decreto 369/2009, do 23 de xullo, o ano 2010 como 'Ano do Libro e a Lectura de Galicia'. Esta declaración supón un primeiro paso e unha primeira experiencia de cara a futuras declaracións en anos vindeiros co obxecto de promocionar outras áreas como as artes escénicas e a música.

O desenvolvemento das actividades previstas, repartidas en distintas epígrafes, teñen como obxecto cubrir as distintas canles e fórmulas nas que o libro chega ao público, ampliando así a súa visibilidade, tanto na propia Comunidade Autónoma como nos diferentes ámbitos de cultura en que nos inserimos. O programa de actividades, aínda aberto a novas achegas e iniciativas, incluírá actuacións nos seguintes eidos: animación cultural, congresos e conmemoracións, promoción e difusión do libro, fomento da lectura e da escrita e xestión do libro e bibliotecas.

Con todas as accións do programa presentado hoxe, procúrase ter a meirande presenza nos distintos públicos, nos distintos tramos de idade, cunha particular

atención ás circunstancias especiais que se poidan dar nos diferentes colectivos. Asemade apoiase o excelente nivel de profesionalización que vai acadando a industria editorial galega, desde a creación da obra ata a súa comercialización.

Actividades de promoción e difusión

Os actos do Ano do Libro e da Lectura iniciáronse con *Libros sobre rodas*, unha campaña de fomento da lectura na cal un autobús equipado para labores de animación esta a percorrer vilas das catro provincias galegas. Ademais de transportar libros, conta cun grupo de actores que desenvolven actividades, coa participación do público, para incentivar o interese lector dos visitantes, dun xeito lúdico e amable e agasallar aos cidadáns cun libro sobre a historia galega e universal do propio libro.

Nesta liña de promoción tamén se engloba *Camiños de amor e lúa*, trinta espectáculos de poesía e música que achegarán a voz dos autores e autoras a trinta concellos polos cales transcorren os nove camiños que levan a Santiago entre maio e xuño deste ano.

O Ano do Libro e a Lectura de Galicia vai ter unha incidencia especial nos espazos públicos de vilas e cidades de Galicia aproveitando as datas conmemorativas dos aniversarios de Rosalía de Castro, Luís Seoane ou o Día Internacional do Libro e o Día das Letras Galegas.

Exposicións e congresos

Ao longo do 2010 haberá diferentes exposicións, a maior parte relacionadas cos congresos, centenarios e homenaxes, as máis destacadas serán a de Torrente Ballester, Luís Seoane e Uxío Novoneyra. Entre estes actos sitúase *Scriptorium*, unha exposición centrada na palabra escrita e no libro medieval, que se desenvolverá con obradoiros para nenos.

Asemade, celebraranse congresos de moita relevancia como *I Encontro Internacional sobre literatura de viaxes*, que se será en Santiago de Compostela na última quincena de xuño; o *Congreso internacional de literatura infantil e xuvenil IBBY*, que se celebrará tamén en Santiago de Compostela do 8 ao 12 de setembro; a *Semana Auria de Novela Histórica*, en Ourense, que incluírá actividades como conferencias, exposicións, mesas redondas, etc., no último trimestre do ano; ou o congreso sobre a figura homenaxeada co Día das Letras Galegas, *Uxío Novoneyra*, organizado no Consello da Cultura Galega en colaboración coa Real Academia Galega.

Outras conmemoracións

Dende a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, realizaranse actos especiais nas datas fundamentais na promoción do libro e da lectura:

- **Día de Rosalía** (24 de febreiro). Espectáculo poético musical de homenaxe á grande autora galega, con música en directo de Abe Rábade, un dos compositores de vangarda máis interesantes do panorama musical galego que se celebrará no Salón Teatro de Santiago de Compostela.
- **Día Internacional da Muller Traballadora** (8 de marzo). En colaboración coa Secretaría de Igualdade e a Dirección Xeral de Xuventude levaranse a cabo actividades de difusión do libro nas estacións galegas de Renfe e á entrada de todas as bibliotecas universitarias de Galicia.
- **Día Mundial da Poesía** (21 de marzo). Presentación do proxecto *Camiños de amor e lúa*, en colaboración co Xacobeo, consistente en máis de 30 espectáculos de música e poesía polos concellos do Camiño de Santiago. Tamén se celebrará a semana de Lectura de poesía nos centros escolares de Galicia.
- **Día Internacional do Teatro** (27 de marzo). Inicio no Salón Teatro da iniciativa *Oficio e arte do teatro* polos centros escolares de Galicia, consistente en achegar a un público mozo a historia do propio teatro desde unha perspectiva amena e lúdica.
- **Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil**, (2 de abril) coa realización dunha nova edición das antoloxías de narrativa infantil e xuvenil e unha exposición bibliográfica itinerante co mesmo contido, que circulará por distintas bibliotecas galegas. Tamén se desenvolverá unha campaña, en 50 centros escolares de Galicia, destinada ao público infantil, que consistirá na promoción de obras importantes para esta idade, que se achegarán ao público cun apoio en versións sonoras, preparadas de xeito que animen a continuar a lectura sobre o soporte en papel.
- **Día Internacional do Libro** (23 de abril): en colaboración coa Federación dos Libreiros *A gran festa dos libros* en Lugo, así como a intervención pública nas prazas centrais de Santiago, Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra baixo a denominación *As prazas dos libros*.
- **Día das Letras Galegas** (17 de maio) dedicado a Uxío Novoneyra.

- **Día Internacional da Tradución** (30 de setembro): presentación do proxecto “A casa dos tradutores”.
- **Día da Biblioteca** (24 de outubro): semana de portas abertas á Biblioteca de Galicia. Exposición do libro antigo dentro deste último trimestre.
- **Semana da Tradición Oral** (2ª semana de novembro)
- **Día da Edición** (17 de decembro): acto de entrega dos premios da edición en colaboración coa Asociación Galega de Editores (AGE).

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA ESCOLAR DA PAZ E DA NON-VIOLENCIA

Hoxe, Día Escolar da Non-Violencia e da Paz, dende as institucións autonómicas da nosa terra reafirmamos o noso compromiso e mais a nosa vontade política a prol da loita na procura dun sistema educativo cada vez mellor, máis xusto e solidario.

Aspiramos a que as nenas e mais os nenos de Galicia aprendan a convivir plenamente coa diversidade humana, política e cultural, coñecendo mellor os demais e creando un espírito novo que impulse a realización de proxectos comúns para a solución pacífica e intelixente dos conflitos que sen dúbida atoparán ao longo das súas vidas.

Dende que, en 1964, se instaurou a celebración desta xornada, a súa mensaxe é un dos máis esperanzadores resortes para a promoción dos valores que fan posible a posta en marcha de contidos educativos baseados na aprendizaxe de pautas de comunicación e de convivencia.

Trátase de valores imprescindibles na sociedade global que está a se erguer perante nós, cada vez con maior e máis formidable presenza consonte avanza o século XXI.

A xente e mais a terra forman parte activa e viva dun escenario en que a pluralidade, lonxe de prexudicar ou diminuír o rendemento dos nosos alumnos, serve para incentivar e dar pulo á experiencia educativa.

Neste ámbito, hoxe máis que nunca, a cooperación da sociedade civil e das familias coas institucións do autogoberno da nosa terra constitúe un elemento primordial para a conquista dos obxectivos máis cobizados.

Se algunha institución permite aproveitar ao máximo os valores da diversidade, esa institución é a familia: conta co talismán dos nenos, coa súa mente limpa e allea aos prexuízos dos maiores e que ao cabo é a mellor terra de cultivo en que realizar a sementeira das ideas da convivencia, do respecto mutuo e da tolerancia.

E coa familia, o profesorado: os homes e mulleres que imparten o seu maxisterio e que na nosa terra integran, sen dúbida, un dos colectivos mellor equipados no senso humanitario e cultural do noso contorno occidental.

Nós, dende Galicia, asumimos dun xeito total e insubornable eses obxectivos, conscientes de que -co esforzo de todos, sen excepción de ningunha caste- conseguiremos consolidar un sistema educativo capaz de potenciar e aproveitar todo canto de bo leva o ser humano no inmenso caudal da súa sensibilidade.

Reiteramos o noso compromiso, convencidos de que a semente do porvir está nas aulas.

Sabemos que se a educación, é dicir, a preparación ética e instrumental dos máis novos fracasase, fracasaría tamén o país enteiro en todas as súas dimensións. Non só educativas, senón tamén políticas, económicas e culturais.

Nesta xornada emblemática e xerminal, sabemos que non será así e que camiñamos na procura dos horizontes do futuro. Nas escolas galegas habita o porvir das novas xeracións e todos cantos esforzos realicemos nese horizonte de mellora radical, sempre serán poucos para superar os retos e desafíos que ergue perante nós a sociedade global.

Dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria facemos, hoxe, un chamamento á sociedade civil de Galicia. Queremos contar e contamos co seu apoio imprescindible.

Estamos a dar os primeiros pasos dunha nova xeira colectiva e aspiramos a que as familias galegas e mais o profesorado da nosa terra nos acompañen nesta esforzada e apaixonante tarefa que fará dos escolares de hoxe os homes e as mulleres dunha sociedade dialogante, cordial e portadora dos invencibles programas da paz e da solidariedade universal.